

CARNÉ XOVE

Que é o carné xove?

Unha tarxeta persoal e intransferible á disposición da mocidade galega, que a acredita como tal e coa que obtén descontos e vantaxes das entidades colaboradoras na Comunidade Autónoma de Galicia, no resto das comunidades autónomas españolas e nos 40 países europeos adheridos ao programa do Carné Xove, agás excepcións propias de cada comunidade ou país.

Quen pode facelo? Que vixencia ten?

Todas as mozas e mozos entre 12 e 30 anos, ambos os dous inclusive.
A vixencia é de dous anos a partires da data de expedición (e sempre sen superar os 30 anos, inclusive).

Como facelo?

Cubrir un impreso de solicitude, acreditando a túa identidade co DNI ou pasaporte e pagar 6€ mediante o impreso de taxa.

- Impreso de solicitude (galego) (castelán)
- Modelo de autoliquidación de taxas
<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>

Onde facelo?

O carné xove pódese facer en:

- Servizos de Xuventude dos Departamentos Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.
 - Departamento Territorial de A Coruña. Servizo de Xuventude e Voluntariado.
Rúa Enrique Mariñas, s/n. Edificio Proa, Matogrande. 15009 A Coruña
 - Departamento Territorial de Lugo. Servizo de Xuventude e Voluntariado.
Rolda da Muralla, 70. 27001 Lugo
 - Departamento Territorial de Ourense. Servizo de Xuventude e Voluntariado de Ourense.
Avda. da Habana, 81 baixo. 32004 OURENSE
 - Departamento Territorial de Vigo. Servizo de Xuventude e Voluntariado.
Rúa Concepción Arenal, 8-1º andar. 36201 Vigo
- Oficinas Locais de Pontevedra e Ferrol.
 - Oficina Local de Pontevedra.
Rúa Fernández Ladedra, 43-4º andar. 36003 Pontevedra
 - Oficina Local de Ferrol. Edif. Administrativo.

Praza Camilo José Cela, s/n, 1º. 15403 Ferrol

- Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Santiago de Compostela.
Praza do Matadoiro, s/n. 15781 Santiago de Compostela

- Oficinas municipais de información xuvenil integradas na rede galega de información e documentación xuvenil
 - OMIX na Coruña: A Baña, A Coruña, A Pobra, Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, As Pontes, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Cariño, Carnota, Carral, Cerceda, Cesuras, Coirós, Corcubión, Culleredo, Dumbría, Fene, Ferrol, Frades, Irixoa, Laracha, Laxe, Lousame, Malpica, Mañón, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Mugar dos, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noia, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza dos Ríos, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Riveira, Rois, Sada, Santa Comba, Santiago, Sobrado dos Monxes, Teo, Tordoa, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmar, Vilasantar e Vimianzo. Tamén nas Casas de Xuventude de Betanzos, Carballo, Curtis, Noia e Pontedeume. Nas OSIX da Coruña e Ferrol. E no Consello da Xuventude de Santiago, na Asociación Néboa-Neda e na OFAP de Ferrol.
 - OMIX en Lugo: Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Bóveda, Burela, Carballedo, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Fonsagrada, Foz, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lán cara, Lourenz, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Muras, Oureiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradela, A Pastoriza, Pobra de Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Ribas do Sil, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xove. Tamén nas Casas da Xuventude de Chantada, Vilalba e Viveiro.
 - OMIX en Ourense: A Bola, A Gudiña, A Merca, A Mezquita, A Peroxa, A Veiga, Allariz, Amoeiro, Arnoia, Avión, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Cartelle, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Entrimo, Esgos, Leiro, Maceda, Manzaneda, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Oimbra, Ourense, Pereiro de Aguiar, Piñor, Pobra de Trives, Porqueira, Rairiz de Veiga, Ribadavia, Ríos, Rubiá, San Cristovo de Cea, San Xóan de Río, Sandiás, Sarreaus, Verín, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadañedo. Tamén na Asociación Española contra o Cancro, na Asociación Xuvenil Don Bosco-"Amencer" e no CIMO de Ourense; no C.D. Rural O Viso de Xinzo de Limia.
 - OMIX en Pontevedra: Agolada, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cercedo, Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Gondomar, O Grove, A Guarda, Illa de Arousa, Lalín, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mos, As Neves, Nigrán, Pazos de Borbén, Poio, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, O Porriño, Portas, Redondela, Ribadumia, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboia, Vilagarcía, Vilanova. Tamén nas Casas de Xuventude de Lalín e Vilagarcía e na OFAP162 Escuela Naval Militar de Marín.

- Nalgunhas [oficinas de Caixa Galicia](#).

Que modelos de carné xove existen?

O Carné Xove pódese expedir como modelo clásico ou como modelo combinado xunto coa tarxeta bancaria.



Onde utilízalo? Finalidade e vantaxes

O seu obxectivo é facilitar os mozos e mozas de 12 a 30 anos o acceso a diferentes bens e servizos a través de descontos ou vantaxes. Estes bens e servizos abranguen todos os ámbitos: cultural, aloxamento, transportes, comercial, ensino, etc.

Este carné está homologado cos que emiten o resto das comunidades autónomas e países de Europa que están adheridos a este programa, polo que o poderedes utilizar en calquera deles nas mesmas condicións, agás excepcións propias de cada comunidade ou país.

Ademais, entre as prestacións do Carné Xove destacan os servizos financeiros e as garantías no estranxeiro, a través das cales a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pretende fomentar o desenvolvemento, a mobilidade e a mellora de condicións de vida cotiá dos mozos e mozas galegos.

Seguro

Os posuidores do carné xove tedes un seguro de balde que cubre o maior número de continxencias posibles nos desprazamentos para que así poidades facer fronte aos imprevistos que poidan xurdir nas viaxes.

As características principais das garantías de asistencia son as seguintes:

- Asistencia por accidente ou enfermidades durante a viaxe.
 - Repatriación ou transporte sanitario de feridos ou enfermos.
 - Transporte dos acompañantes.
 - Inmobilizacións nun hotel.
 - Repatriación ou transporte do asegurado falecido.
 - Pago ou reembolso dos gastos médicos, cirúrxicos, farmacéuticos e de hospitalización no estranxeiro.
 - Regreso anticipado por falecemento ou hospitalización dun familiar en España do asegurado incluíndo a transmisión de mensaxes urxentes.
 - Servizos de información para viaxes ao estranxeiro.
 - Anticipo de gastos de hospitalización no estranxeiro.

- Localización de intérprete en caso de accidente ou enfermidade no estranxeiro.
- Servizo de información sobre asistencia médica.
- Servizo de trámites administrativos para hospitalización.
- Billete de ida e volta para un familiar.
- Gastos de aloxamento para un familiar.
- Asistencia por danos á equipaxe.
 - Envío e/o reenvío de obxectos esquecidos e/o roubados no transcurso da viaxe.
 - Roubo e danos á equipaxe.
 - Retraso na entrega de equipaxe.
 - Gastos de reposición da documentación de viaxe.
 - Roubo na caixa forte do hotel.
 - Roubo das chaves da vivenda habitual do asegurado.
- Asistencia por retraso dos medios de transporte.
 - Retraso na saída da viaxe.
 - Cancelación da viaxe por folga.
 - Perda da conexión por retrasos.
 - Perda do medio de transporte por accidente "in itinere".
 - Retraso por "over booking".
- Asistencia por responsabilidade civil
 - Responsabilidade civil no estranxeiro.
 - Anticipo de gastos de defensa legal no estranxeiro.
 - Anticipo de fianza xudicial no estranxeiro.
 - Servizo de información legal.
 - Procura de representante legal no estranxeiro.
 - Obtención de salvocondutos.

Para consultar polo miúdo as coberturas e exclusións do seguro descarga o **pdf adxunto**.

Todas estas prestacións serán efectuadas baixo petición expresa do asegurado a:

CASER, S.A.
Av. de Burgos, 109
28050 Madrid

Teléfonos:
En España: 902 100 728
No estranxeiro: +34 91 594 96 74

CASER, S.A. garante as prestacións dos servizos coa maior dilixencia e durante as 24 horas do día.

O número de póliza do seguro é: **19.227.336**

Establecementos adheridos

Son aquelas entidades que colaboran co programa Carné Xove ofrecendo aos seus titulares vantaxes ou beneficios.

Tipos de descontos:

1. Xerais ou nacionais.

<http://www.injuve.es/contenidos.item.action?id=1033742018&menuId=444834367>

2. Noutras comunidades autónomas
<http://www.injuve.es/contenidos.type.action?type=444834367&menuId=444834367>
3. En Galicia (zip y excel)
4. Temporais. Os usuarios do carné xove gozarán en todas as actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como mínimo, dun desconto do 10%. A porcentaxe do desconto aplicable especificarase no folleto informativo de cada un dos programas e actividades que se levan a cabo.
5. Europeos
<http://www.eyca.org/>

Non debes esquecer que todos os descontos que figuran, non serán de aplicación en período de rebaixas, liquidación, promoción ou sobre produtos xa rebaxados, nin nos pagos con tarxeta.

As entidades colaboradoras, en caso de dúbida sobre a identidade de quen presenta o carné xove, poden solicitar, a efectos de comprobación, a presentación do DNI.

Carné xove non pode responder dos descontos non efectuados e das posibles variacións sobre a porcentaxe de estes no estranxeiro. Neste caso trasladarase a incidencia á organización de cada país e á Asociación Europea del Carné Joven (EYCA).

A aplicación dos descontos nos servizos e/ou artigos realizarase na dirección dos colaboradores que se indica para cada paso. Se houbera calquera outro sitio ou procedemento (venta anticipada) será preciso informarse en cada caso.

Como identificar os establecementos adheridos?

A través dun adhesivo, que recolle unha reprodución do logo identificarás os lugares onde vos farán algún tipo de desconto ou vantaxe.

Se algún establecemento non realizara o desconto, deberedes poñelo en coñecemento da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado mediante a folla de reclamación.

Iso si, debes ter en conta que estes establecementos poden darse de baixa ou modificar os seus datos notificándoo á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con 2 meses de antelación, polo que esta información aparecerá actualizada nesta páxina web.

Queres ser un establecemento adherido? Coñeces algún establecemento que queira participar?

Este formulario é para aquelas entidades que queiran colaborar co programa ofrecendo vantaxes ou beneficios especiais aos posuidores do carné.

Só tes que enviar este formulario por duplicado asinado e selado ao seguinte enderezo:

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Edificio Administrativo San Lázaro s/n, 3º andar
15781 Santiago de Compostela